

QUERES XOGAR COMIGO?

Adaptación de XOSÉ BALLESTEROS

Ilustracións de ERIC CARLE

Acartonado con esquinas redondeadas. 18 x 12,5 cm. 32 páx. 13 €

[Queres xogar comigo?](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-310-3. Prelecturas. Acartonados.

[Nirekin jolastu nahi duzu?](#) (euskara)

ISBN 978-84-9172-385-1. Lehen irakurleak. Kartoizko liburuak.

[Queres brincar comigo?](#) (português)

ISBN 978-989-749-078-1. Pré-leituras. Cartonados.

*Era unha vez un ratiño que un día saíu da súa casa
e buscou alguén con quen xogar.*

«Ola, amigo, queres xogar comigo?»

*«Agora non, que estou a comer herba no prado», rinchou o cabalo.
E o ratiño seguiu andando...*

Un ratiño camiña na procura dun compañeiro de xogos
pero os animais que atopa —terrestres, acuáticos, voadores—
están ocupados en distintas tarefas propias de cada especie.

O colorido das ilustracións, a variedade de formas representadas
e agrupadas coa técnica da colaxe e a expresividade dos personaxes
son cualidades inconfundibles no estilo de Eric Carle. O texto
de Xosé Ballesteros, creado expresamente para esta obra,
segue a estrutura encadeada das imaxes. Así, o protagonista
—máis pequeno que o resto dos animais, procurando que as nenas e
os nenos se identifiquen con el— vai descubrindo a identidade
de cada un ao paso das páxinas. A través desta sinxela proposta,
o reto consiste en descubrir a que criaturas se dirixe o ratiño tendo
como referencia o color e a forma da súa cola: de crina, plumas,
escamas, pelo...

Tamén se afianzan o sentido da lectura, de esquerda a dereita,
e conceptos como “a parte” e “o todo”. Ao longo do relato mantense
un esquema narrativo baseado na repetición, xa que o protagonista
faillles a mesma pregunta a todos animais que atopa. As distintas
respostas que recibe redundan na aprendizaxe de novo vocabulario.
Tampouco falta o suspense: ao longo da historia, de principio a fin,
hai un elemento de continuidade na figura dun misterioso personaxe.

Un conto emocionante e divertido, atractivo dende o punto de vista
estético e lúdico, especialmente recomendable para as primeiras
idades.



■ **Temática:** descubrir animais a partir da forma e do color da súa cola.

■ **Idade recomendada:** dende 2 anos.

■ **Aspectos destacables:** natureza, animais, partes do corpo; amizade, xogo, humor, sorpresas; do adaptador de «O coelliño branco», «Tío Lobo», «Os tres osos», «Os tres porquiños», «Os sete cabritos», «O traxe novo do rei», «Fábulas de Esopo» e autor de «Imaxina animais» e «As pescadoras»; do autor de «Amigos», «Un grilo moi silencioso», «Da cabeza aos pés», «Oso pardo. que ves aquí?», «A araña moi ocupada» e «Unha eiruga moi larpeira».

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/quieres-xogar-comigo-g-duro>

Xosé Ballesteros

(Vigo, 1956)

Editor, escritor, tradutor, especialista en literatura infantil-xuvenil e cofundador de Kalandraka. Tamén dirixe os selos Faktoría K de Libros e Cuatro lunas. Ten publicado, entre outros títulos, a novela «Talego» (Xerais, Premio García Barros 1993). Para público infantil destacan adaptacións dos contos tradicionais «O coelliño branco» (Premio Nacional de Ilustración 1999), «O traxe novo do rei», «Tío Lobo», «Os tres osos», «Os tres porquiños», «Os sete cabritiños» e textos como «Imaxina animais» e «As pescadoras» (Premio da 33.ª Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Madrid). Traduciu obras como a antoloxía «Fernando Pessoa: selección poética» (Faktoría K, 3.º Premio Nacional aos Libros Mellor Editados 2015).

Eric Carle

(Siracusa, Nova York, 1929 - Northampton, Massachusetts, 2021)

Autor de máis de 70 álbums, Eric Carle comezou a ilustrar libros en 1967, logo de traballar durante moitos anos como director de arte nunha axencia de publicidade. Estudou na prestixiosa escola de arte Akademie der Bildenden Künste, en Stuttgart (Alemaña). Regresou a Norteamérica en 1952, cunha carpeta e 40 dólares no peto, na busca dunha oportunidade que lle chegou como deseñador gráfico para The New York Times. O primeiro libro da súa completa autoría foi *1,2,3, to the Zoo* (1968), ao que seguiu *The very hungry caterpillar* (1969). Foi galardoado co Premio da Feira Internacional do Libro Infantil de Boloña e distinguido pola Asociación de Libreiros Infantís e pola Asociación Americana de Bibliotecas. Eric Carle dixo: “Con moitos dos meus libros intento tender unha ponte entre o fogar e a escola. O paso do fogar á escola é o segundo maior trauma da nenez; o primeiro, por suposto, é nacer. En ambos os casos deixamos un lugar de calidez e protección por outro descoñecido. Creo que os nenos son creativos por natureza e capaces de aprender. Nos meus libros intento conter ese temor, reemprazalo cunha mensaxe positiva. Quero ensinalles que aprender é fascinante e divertido”.

<https://eric-carle.com>